“De acordo coa aplicación da normativa vixente e en relación aos expedientes de inspección ou sancionadores que non son firmes, é necesario neste momento manter a reserva sobre os detalles concretos para contestación das preguntas que se formulan con respecto aos posibles expedientes abertos a esta entidade, por canto de acordo coa normativa aplicable e a ponderación dos intereses implicados débese limitar en determinados casos a difusión de datos sobre investigacións en curso ou expedientes sancionadores iniciados que non contén cunha resolución administrativa firme.

A este respecto débese ter en conta o feito de que a difusión desta información pode prexudicar a prevención, investigación e sanción de ilícitos administrativos, ademais de vulnerar esta difusión a garantía das persoas presuntamente responsables nos posibles procedementos abertos, en aplicación do artigo 14.1.e) e g) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12790
Data envío: 15/03/2021 16:01:21.407

galicia

establece a posible limitación de acceso á información pública, entre outros supostos, nos de:

e) A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.

g) As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12790
Data envío: 15/03/2021 16:01:21.407

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:18

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:43:24
Nº Rexistro: 12832

Data envío: 16/03/2021 09:43:24.547

Data 16/03/2021 09:43



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3203**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da urxencia da declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide na cidade da Coruña, e as medidas que vai a impulsar a curto prazo para ese fin, así como para a súa inclusión no Rexistro de bens de interese cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7157 e debatida no Pleno do Parlamento o 29 de xaneiro de 2021; á que nos remitimos porque recolle os trámites levados a cabo pola Xunta de Galicia para a declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-01-29?part=f5b47eb2-f719-4a81-a41a-a1f8d43a2bca&start=2817> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:43:24
Nº Rexistro: 12832
Data envío: 16/03/2021 09:43:24.547

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/03/2021 9:43:21

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:40
Nº Rexistro: 12654

Data envío: 12/03/2021 12:46:40.906

Data 12/03/2021 12:46



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3275**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as causas do retraso na licitación do contrato de ampliación de Montecelo e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a nova licitación e comezo das obras, así como a consideración do carácter público do servizo de mantemento e a execución das obras de urbanización e do estacionamento”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comecen en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:40
Nº Rexistro: 12654
Data envío: 12/03/2021 12:46:40.906

galicia

O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:40
Nº Rexistro: 12654
Data envío: 12/03/2021 12:46:40.906

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:46:36

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:40
Nº Rexistro: 12659

Data envío: 12/03/2021 12:47:40.203

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3789**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o proxecto para a execución das obras de construción do Hospital Gran Montecelo, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comecen en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.

O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:40
Nº Rexistro: 12659
Data envío: 12/03/2021 12:47:40.203

galicia

tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:40
Nº Rexistro: 12659
Data envío: 12/03/2021 12:47:40.203

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:36

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:23
Nº Rexistro: 12657

Data envío: 12/03/2021 12:47:23.281

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4331**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación e os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na vivenda comunitaria Remanso de Paz, na Fonsagrada, así como sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para previr a expansión do virus”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, os servizos de inspección da Xunta actúan sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro residencial, tanto de xeito ordinario como cando se rexistra algunha denuncia. Estas inspeccións realízanse con independencia da titularidade do centro.

Deste xeito, no ano 2020 cumpriuse o Plan de Inspección e realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade. E os técnicos de inspección iniciaron máis de 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:23
Nº Rexistro: 12657
Data envío: 12/03/2021 12:47:23.281

galicia

No que respecta á Vivenda Comunitaria Remanso de Paz no concello da Fonsagrada, o Goberno galego seguiu con atención a evolución dos casos no centro que chegou a ter un total de 10 usuarios positivos e 3 traballadores. A día de hoxe non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:23
Nº Rexistro: 12657
Data envío: 12/03/2021 12:47:23.281

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:18

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:40
Nº Rexistro: 12664

Data envío: 12/03/2021 12:48:40.468

Data 12/03/2021 12:48



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4357**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o modelo de xestión que vai ter a residencia integrada para atender as persoas maiores contaxiadas por covid-19 anunciada polo Goberno galego na residencia privada Bodía Bou llosa Pardo de Vera, de Vigo, o procedemento previsto para controlar o cumprimento da normativa vixente e a incidencia que terá a existencia de dúas residencias deste tipo en toda Galicia nos efectos da segunda vaga da covid-19 nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 4 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:40
Nº Rexistro: 12664
Data envío: 12/03/2021 12:48:40.468

galicia

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles. Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:40
Nº Rexistro: 12664
Data envío: 12/03/2021 12:48:40.468

galicia

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:40
Nº Rexistro: 12664
Data envío: 12/03/2021 12:48:40.468

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:48:37

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12791

Data envío: 15/03/2021 16:01:43.844

Data 15/03/2021 16:01



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4404**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da consignación nos orzamentos do Estado dunha partida de 50 millóns de euros para a aplicación de bonificacións e descontos ás persoas usuarias da autoestrada AP-9, a súa opinión referida á mellora por esta opción da proposta pola Xunta de Galicia en decembro de 2019 e as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central da súa transferencia a Galicia e o rescate da concesión”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno de España incumpriu todos os compromisos que asumiu cos galegos con respecto á AP-9. Non aplicou as bonificacións nas peaxes que prometeu e o pasado 1 de xaneiro autorizou unha nova suba extraordinaria das peaxes de case o 1 por cento. Subas extraordinarias que o Consello Consultivo ditaminou “nulas de pleno dereito”. Non liberou a peaxe de Redondela, que está pendente dende 2018, nin tampouco arranxou os viarios nin colocou as pantallas antirruído que tanto precisan os veciños de Chapela e polos que levan agardando moito tempo.

O Goberno galego reclamou ao Goberno español o cumprimento destes compromisos en numerosas ocasións e tamén solicitou reiteradamente a convocatoria da Comisión conxunta sobre a AP-9 para tratar estes e outros asuntos de relevancia para o interese dos galegos, sen que a petición fora atendida.

A última vez que dende a Xunta se pediu unha reunión urxente desta Comisión foi no mes de febreiro. A Xunta fixo unha proposta de bonificación para aplicar na AP-9, para que os 50 millóns de euros consignados nos Orzamentos Xerais do Estado redunden en descontos útiles e xustos para os galegos e non en beneficio da concesionaria. Na



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12791
Data envío: 15/03/2021 16:01:43.844

galicia

proposta da Xunta as bonificacións benefician aos usuarios recorrentes, transportistas, familias numerosas e o uso en horario nocturno.

A Xunta deu traslado á proposta o pasado mes de febreiro solicitando, como se ten dito, a convocatoria urxente da comisión conxunta sobre a AP-9 ao obxecto de abordar os ditos beneficios para a súa aplicación canto antes, ademais de avanzar no diálogo sobre a transferencia da AP-9 a Galicia.

Na proposta feita pola Xunta en 2019 xa se apostaba por revisar os acordos entre o Estado e a concesionaria, mentres que o Goberno central opta por cargar as bonificacións aos Orzamentos Xerais do Estado.

É urxente que o Goberno de España aplique as bonificacións comprometidas á maior brevidade, xa que cada semana que pasa sen que se apliquen os descontos os galegos deixan de beneficiarse de máis de un millóns de euros á semana.

O Goberno galego considera que a transferencia da AP-9 permitiría unha xestión máis directa, eficaz e máis xusta. É básico que Galicia asuma a titularidade da autoestrada en condicións óptimas, o que significa que a transferencia da AP-9 a Galicia ten que vir acompañada da dotación económica e técnica necesaria para a súa correcta xestión ata o remate da concesión e cos recursos precisos para realizar todas as melloras previstas, tanto de seguridade como de ampliación da capacidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12791
Data envío: 15/03/2021 16:01:43.844

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:39

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 12725
Data envío: 15/03/2021 10:23:25.984
Data 15/03/2021 10:23

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4568**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados dos estudos e das análises realizadas polo Goberno galego en relación co estado ambiental e a contaminación da foz do Miñor, así como co estado da rede de saneamento e depuración dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, e as actuacións previstas para a súa mellora e para a xestión e ampliación do lugar de interese comunitario A Ramallosa”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 7969, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 28 de xaneiro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que a Xunta está a contribuír a reducir a afección das augas residuais ao esteiro do Miñor, xestionando as depuradoras municipais dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, que deben actuar nas súas redes municipais de saneamento.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 12725
Data envío: 15/03/2021 10:23:25.984

galicia

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=3349>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=4266> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:23:25
Nº Rexistro: 12725
Data envío: 15/03/2021 10:23:25.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 10:23:11

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:16
Nº Rexistro: 12669

Data envío: 12/03/2021 12:49:16.453

Data 12/03/2021 12:49



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4752**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible modificación do uso concesional da parcela onde está situada a estación de autobuses do Pino, en Ourense, para a construción nela dunha residencia pública de maiores e a existencia de garantías xurídicas para a execución desas obras”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A nova residencia pública de maiores, que a Xunta porá en marcha no barrio ourensán de O Pino, supón unha oportunidade para impulsar esta zona cun servizo necesario e que responde ao compromiso asumido coas veciñas e veciños. O novo centro residencial porá a disposición das familias 120 prazas públicas para a atención dos nosos maiores e permitirá a creación de máis dun centenar de postos de traballo directos no ámbito dos coidados.

No noso empeño por que Ourense contase coa mellor residencia de maiores posible, cambiamos a parcela inicialmente prevista na zona do Vinteún pola actual parcela de a Estación de Autobuses en O Pino, porque reúne mellores características.

Esta nova parcela conta con máis de 10.000 metros cadrados, está máis preto do centro urbano, ten unha gran facilidade de acceso e unha situación privilexiada con vistas sobre o río Miño”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:16
Nº Rexistro: 12669
Data envío: 12/03/2021 12:49:16.453

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:49:11

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:48
Nº Rexistro: 12673

Data envío: 12/03/2021 12:49:48.109

Data 12/03/2021 12:49



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4797**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas implantadas e a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación co risco de contaxios por covid-19 e as denuncias referidas ao déficit de persoal e recursos na residencia de persoas maiores de Ribadumia”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social acordaron un protocolo para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS-COVID-2 (COVID19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios.

Este protocolo dispón que en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e de proporcionalidade, poderanse intervir os centros residenciais de titularidade privada de acordo co disposto na Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, e adoptar as medidas previstas na Orde.

Esta intervención conleva, entre os seus efectos e facultades, a posibilidade de designar a un empregado público para dirixir e coordinar a actividade asistencial destes centros. Para estes efectos, devandito empregado público disporá dos recursos materiais e humanos dispoñibles no centro residencial intervido, así como dos recursos vinculados coa actividade asistencial que se presta de forma habitual aos residentes no mesmo, tanto no propio centro residencial como no sistema de saúde correspondente.

Deste xeito, a Xunta de Galicia interveu o pasado 28 de outubro de 2020 a residencia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:48
Nº Rexistro: 12673
Data envío: 12/03/2021 12:49:48.109

galicia

Domusvi Ribadumia. Unha vez avaliada a situación da residencia, as Consellerías de Sanidade e Política Social acordaron tomar esa medida co obxectivo de garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

Un equipo de profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde desprazouse ao centro e ocupouse de facer un seguimento médico permanente sobre a situación dos residentes, así como de vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia.

Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

No que respecta á residencia DomusVi Ribadumia, actualmente non conta con ningún traballador ou usuario contaxiado.

En relación aos recursos humanos, a Xunta de Galicia reforzou o persoal das residencias públicas e privadas e cubriu máis de 5.200 substitucións nos centros públicos desde o inicio da pandemia.

Por outro lado, os servizos de inspección da Xunta actúan sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro residencial, tanto de xeito ordinario como cando se rexistra algunha denuncia. Estas inspeccións realízanse con independencia da titularidade do centro.

No ano 2020, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesario ca nunca.

Deste xeito, no ano 2020 cumpriuse o Plan de Inspección e realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade. E os técnicos de inspección iniciaron máis de 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais.



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:48
Nº Rexistro: 12673
Data envío: 12/03/2021 12:49:48.109



Ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus.

Esta avaliación lévase a cabo cada 15 días, e é complementario ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:48
Nº Rexistro: 12673
Data envío: 12/03/2021 12:49:48.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:49:44

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12798

Data envío: 15/03/2021 16:02:52.141

Data 15/03/2021 16:02



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4801**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, sobre **“a relación e a situación en que se encontran as concesións de aproveitamentos hidroeléctricos outorgadas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas de Galicia e as previsións do Goberno galego respecto da súa reversión á xestión pública”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información sobre aproveitamentos hidroeléctricos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas de Galicia está recollida na páxina web de Augas de Galicia, na sección de demarcación hidrográfica Galicia-Costa, apartado de control de caudais de ríos e reservas.

Á data de presentación desta iniciativa parlamentaria non ten rematado a tramitación de ningún dos expedientes de extinción por fin de prazo concesional. Tampouco ningunha das concesións hidroeléctricas en explotación remata o seu prazo concesional nos vindeiros 3 anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12798
Data envío: 15/03/2021 16:02:52.141

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:02:49

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:07
Nº Rexistro: 12833

Data envío: 16/03/2021 09:44:07.375

Data 16/03/2021 09:44



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5332**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento para a declaración da casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7157 e debatida no Pleno do Parlamento o 29 de xaneiro de 2021; á que nos remitimos porque recolle os trámites levados a cabo pola Xunta de Galicia para a declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-01-29?part=f5b47eb2-f719-4a81-a41a-a1f8d43a2bca&start=2817> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:07
Nº Rexistro: 12833
Data envío: 16/03/2021 09:44:07.375

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/03/2021 9:44:03

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:58
Nº Rexistro: 12836

Data envío: 16/03/2021 09:44:58.640

Data 16/03/2021 09:44



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5462**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do contaxio masivo de covid-19 existente na residencia de persoas maiores Doral Residencias de Mos, a súa opinión respecto da necesidade de aumentar a periodicidade dos cribados neste tipo de centros e as medidas previstas para evitar a repetición destes casos”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores das residencias sempre contaron con toda a protección necesaria para realizar o seu labor. O Plan de Reactivación no ámbito sociosanitario, en vigor desde o pasado mes de maio, obrigaba ao centro a realizarlle aos profesionais unha enquisa do contorno de convivencia, actividade laboral previa e simultánea. Proba de que este método funcionou é que, mentres estivo en vigor, non houbo nin un só gromo nas residencias de maiores.

Desde o 17 de agosto realízanse obrigatoriamente as probas diagnósticas ás persoas que ingresan nas residencias. Faise nun período máximo de 72 horas antes do seu ingreso para descartar contaxios. Unha medida que tamén se aplicou aos empregados que regresan de permisos e vacacións; e aos novos traballadores.

No eido da detección temperá, Galicia é a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos os residentes antes do seu ingreso nun centro.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:58
Nº Rexistro: 12836
Data envío: 16/03/2021 09:44:58.640

galicia

Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a consellería de Sanidade conxuntamente coa consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas e, por outra, a intervención en centros residenciais.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:58
Nº Rexistro: 12836
Data envío: 16/03/2021 09:44:58.640

galicia

sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:44:58
Nº Rexistro: 12836
Data envío: 16/03/2021 09:44:58.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/03/2021 9:44:55

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:27
Nº Rexistro: 12677

Data envío: 12/03/2021 12:50:27.031

Data 12/03/2021 12:50



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6158**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na residencia comunitaria de Castrelo de Miño e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 63 do 16 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:27
Nº Rexistro: 12677
Data envío: 12/03/2021 12:50:27.031

galicia

función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:27
Nº Rexistro: 12677
Data envío: 12/03/2021 12:50:27.031



que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

Os usuarios de residencias son derivados a hospitais ou a residencias integradas por criterios puramente sanitarios. Polo tanto, é o persoal médico o que determina que centro é o máis adecuado, atendendo sempre a garantir a calidade asistencial das persoas do centro.

No eido da detección temperá, Galicia é a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos os residentes antes do seu ingreso nun centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:27
Nº Rexistro: 12677
Data envío: 12/03/2021 12:50:27.031

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:50:22

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:51:02
Nº Rexistro: 12680

Data envío: 12/03/2021 12:51:374

Data 12/03/2021 12:50



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6535**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos problemas de mobilidade e abusos da empresa concesionaria que vén padecendo a poboación da ribeira do encoro de Portodemouros, nomeadamente a das parroquias de Loño e Beigondo”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A instalación da barcaza de paso no encoro de Portodemouros vén herdada dunha autorización administrativa concedida nos anos 70.

Augas de Galicia, respectando os actos administrativos ditados e dentro do seu marco competencial, vela polo cumprimento das condicións que rexen a concesión.

O concesionario da barcaza Azulón Primeiro ten a obriga de conservar ou substituír as servidumes existentes que se vexan afectadas polo desenvolvemento do aproveitamento, inherente á Orde Ministerial de outorgamento da concesión integral para aproveitamento hidroeléctrico no río Ulla do 10/11/1962, entre os que se atopa o Salto de Portodemouros.

A explotación da barcaza réxese polas prescricións ditadas nos anos 70 no seo dos actos administrativos autorizatorios do proxecto de substitución de servidumes e de establecemento da barcaza de paso, co ditado o 22 de maio de 1975 da Orde Ministerial por la que se resolve que a sociedade concesionaria deberá manter no encoro de Portodemouros unha barca de paso para o transporte de vehículos, carros, persoas e animais dunha marxe cara á outra, debendo ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:51:02
Nº Rexistro: 12680
Data envío: 12/03/2021 12:51:02.374

galicia

O titular da explotación está tamén suxeito ao contido da resolución ditada o 13 de outubro de 2006 por Augas de Galicia pola que se aproba o proxecto de reforma e ampliación da barcaza para transporte fluvial. O proxecto foi presentado polo concesionario, a instancias de Augas de Galicia, que, ante as demandas dos veciños usuarios da barcaza sobre o espazo e a capacidade desta, requiriulle á empresa o cumprimento dos condicionantes impostos na súa resolución convencional ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:51:02
Nº Rexistro: 12680
Data envío: 12/03/2021 12:51:02.374

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:50:58

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 12720

Data envío: 15/03/2021 10:22:08.813

Data 15/03/2021 10:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1325**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas”**, (publicada no BOPG número 15 do 16 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 8066, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 28 de xaneiro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou, entre outras cousas, que a Xunta está a investir 15 millóns de euros na eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas, coa previsión de que este ano estean practicamente finalizadas todas as obras.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=4864>



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 12720
Data envío: 15/03/2021 10:22:08.813

galicia

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-01-28?part=dcaa8cd9-20cf-476b-819d-23a841440080&start=5498> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:08
Nº Rexistro: 12720
Data envío: 15/03/2021 10:22:08.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 10:22:03

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:49
Nº Rexistro: 12723

Data envío: 15/03/2021 10:22:49.359

Data 15/03/2021 10:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1772**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Consellería de Política Social en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros residenciais de Galicia contaron desde o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Houbo protocolos na nosa comunidade antes de que existisen a nivel nacional. Estes protocolos fóronse actualizando, atendendo ás recomendacións sanitaria.

Hoxe, todas as residencias da nosa comunidade contan con Plans de Continxencia para a actuación cando aparecen casos ou brotes no seu interior e aplican un catálogo de medidas que conxuga a protección da saúde coa preservación do benestar emocional dos maiores.

Ademais, creáronse os Equipos de Seguimento Covid en todas as áreas sanitarias en coordinación entre as Consellerías de Sanidade e Política Social e incrementáronse as inspeccións conxuntas.

Por outro lado, Xunta puxo en funcionamento CLONEGAL, unha plataforma loxística que distribúe semanalmente material de protección a todos os centros residenciais de Galicia.

Somos a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:49
Nº Rexistro: 12723
Data envío: 15/03/2021 10:22:49.359

galicia

posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos os residentes antes do seu ingreso nun centro.

No que respecta ao proceso de vacinación, estase administrando en todas as residencias de Galicia, exceptuando aquelas nas que está a haber gromos.

A seguinte fase será vacinar contra a covid-19 ao resto do persoal sanitario, ao persoal sociosanitario dos centros de día e do SAF, así como aos grandes dependentes.

No relativo á intervención e atención ás persoas residentes, sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

No que respecta á residencia de maiores DomusVi Lugo, no municipio de Outeiro de Rei, foi intervida o pasado mes de setembro do 2020 para garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde dos residentes e traballadores do centro.

Actualmente esta residencia non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado pola covid-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:49
Nº Rexistro: 12723
Data envío: 15/03/2021 10:22:49.359

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 10:22:45

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12788

Data envío: 15/03/2021 16:01:04.782

Data 15/03/2021 16:01



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3164**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a apertura pola Xunta de Galicia dalgún expediente informativo ao grupo DomusVi polo acontecido nos seus centros residenciais durante a primeira onda da pandemia”**, (publicada no BOPG número 30 do 14 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa aplicación da normativa vixente e en relación aos expedientes de inspección ou sancionadores que non son firmes, é necesario neste momento manter a reserva sobre os detalles concretos para contestación das preguntas que se formulan con respecto aos posibles expedientes abertos a esta entidade, por canto de acordo coa normativa aplicable e a ponderación dos intereses implicados débese limitar en determinados casos a difusión de datos sobre investigacións en curso ou expedientes sancionadores iniciados que non contén cunha resolución administrativa firme.

A este respecto débese ter en conta o feito de que a difusión desta información pode prexudicar a prevención, investigación e sanción de ilícitos administrativos, ademais de vulnerar esta difusión a garantía das persoas presuntamente responsables nos posibles procedementos abertos, en aplicación do artigo 14.1.e) e g) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que establece a posible limitación de acceso á información pública, entre outros supostos, nos de:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12788
Data envío: 15/03/2021 16:01:04.782

galicia

e) A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.

g) As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12788
Data envío: 15/03/2021 16:01:04.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:00

CSV: BOPGDSPGYuj6EFov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:26
Nº Rexistro: 12653

Data envío: 12/03/2021 12:46:140

Data 12/03/2021 12:46

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3276**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as causas do retraso na licitación do contrato de ampliación de Montecelo e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a nova licitación e comezo das obras”**, (publicada no BOPG número 30 do 14 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comecen en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:26
Nº Rexistro: 12653
Data envío: 12/03/2021 12:46:26.140



O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:26
Nº Rexistro: 12653
Data envío: 12/03/2021 12:46:26.140

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:46:13

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:00
Nº Rexistro: 12661

Data envío: 12/03/2021 12:48:00.187

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3787**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o proxecto para a execución das obras de construción do Hospital Gran Montecelo, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comece en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.

O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:00
Nº Rexistro: 12661
Data envío: 12/03/2021 12:48:00.187

galicia

que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:00
Nº Rexistro: 12661
Data envío: 12/03/2021 12:48:00.187

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:55

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:12
Nº Rexistro: 12656

Data envío: 12/03/2021 12:47:12.937

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4332**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do gromo de covid-19 detectado na vivenda comunitaria Remanso de Paz, da Fonsagrada”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, os servizos de inspección da Xunta actúan sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro residencial, tanto de xeito ordinario como cando se rexistra algunha denuncia. Estas inspeccións realízanse con independencia da titularidade do centro.

Deste xeito, no ano 2020 cumpriuse o Plan de Inspección e realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade. E os técnicos de inspección iniciaron máis de 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:12
Nº Rexistro: 12656
Data envío: 12/03/2021 12:47:12.937

galicia

No que respecta á Vivenda Comunitaria Remanso de Paz no concello da Fonsagrada, o Goberno galego seguiu con atención a evolución dos casos no centro que chegou a ter un total de 10 usuarios positivos e 3 traballadores. A día de hoxe non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:12
Nº Rexistro: 12656
Data envío: 12/03/2021 12:47:12.937

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:08

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 12671

Data envío: 12/03/2021 12:49:27.578

Data 12/03/2021 12:49



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4355**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o modelo de xestión que vai ter a residencia integrada para atender as persoas maiores contaxiadas por covid-19 prevista polo Goberno galego na residencia privada Bodía Boullosa Pardo de Vera, de Vigo”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 12671
Data envío: 12/03/2021 12:49:27.578

galicia

marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles. Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 12671
Data envío: 12/03/2021 12:49:27.578

galicia

sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:49:27
Nº Rexistro: 12671
Data envío: 12/03/2021 12:49:27.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:49:23

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12793

Data envío: 15/03/2021 16:01:58.688

Data 15/03/2021 16:01



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4401**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da transferencia a Galicia da autoestrada AP-9 e o rescate da concesión”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno de Galicia leva reclamando e defendendo dende hai máis de dez anos a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 para Galicia, por considerala conforme á lexislación vixente e beneficioso para os usuarios.

A admisión a trámite no Congreso da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia a principios do pasado mes de febreiro abre unha nova etapa nesta reclamación.

O Goberno galego considera que a transferencia da AP-9 permitiría unha xestión máis directa, eficaz e máis xusta, por iso leva anos defendendo esa transferencia a Galicia. Con é lóxico, a Xunta defende que esa transferencia debe vir acompañada da dotación económica e técnica necesaria para a súa correcta xestión ata o remate da concesión e cos recursos precisos para realizar todas as melloras previstas, tanto de seguridade como de ampliación da capacidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12793
Data envío: 15/03/2021 16:01:58.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:55

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12792

Data envío: 15/03/2021 16:01:51.204

Data 15/03/2021 16:01



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4402**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da consignación nos orzamentos do Estado dunha partida de 50 millóns de euros para a aplicación de bonificacións e descontos ás persoas usuarias da autoestrada AP-9”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno de España incumpriu todos os compromisos que asumiu cos galegos con respecto á AP-9. Non aplicou as bonificacións nas peaxes que prometeu e o pasado 1 de xaneiro autorizou unha nova suba extraordinaria das peaxes de case o 1 por cento. Subas extraordinarias que o Consello Consultivo ditaminou ‘nulas de pleno dereito’. Non liberou a peaxe de Redondela, que está pendente dende 2018, nin tampouco arranxou os viarios nin colocou as pantallas antirruído que tanto precisan os veciños de Chapela e polos que levan agardando moito tempo.

O Goberno galego reclamou ao Goberno español o cumprimento destes compromisos en numerosas ocasións e tamén solicitou reiteradamente a convocatoria da Comisión conxunta sobre a AP-9 para tratar estes e outros asuntos de relevancia para o interese dos galegos, sen que a petición fora atendida.

A última vez que dende a Xunta se pediu unha reunión urxente desta Comisión foi no mes de febreiro. A Xunta fixo unha proposta de bonificación para aplicar na AP-9, para



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12792
Data envío: 15/03/2021 16:01:51.204

galicia

que os 50 millóns de euros consignados nos Orzamentos Xerais do Estado redunden en descontos útiles e xustos para os galegos e non en beneficio da concesionaria. Na proposta da Xunta as bonificacións benefician aos usuarios recorrentes, transportistas, familias numerosas e o uso en horario nocturno”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12792
Data envío: 15/03/2021 16:01:51.204

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:48

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:31
Nº Rexistro: 12663

Data envío: 12/03/2021 12:48:31.843

Data 12/03/2021 12:48



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración e aprobación dun plan de rexeneración e mellora ambiental da foz do Miñor”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 7969, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 28 de xaneiro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que a Xunta está a contribuír a reducir a afección das augas residuais ao esteiro do Miñor, xestionando as depuradoras municipais dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, que deben actuar nas súas redes municipais de saneamento.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:31
Nº Rexistro: 12663
Data envío: 12/03/2021 12:48:31.843

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da urxencia da declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide na cidade da Coruña, e as medidas que vai a impulsar a curto prazo para ese fin, así como para a súa inclusión no Rexistro de bens de interese cultural de Galicia”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7157 e debatida no Pleno do Parlamento o 29 de xaneiro de 2021; á que nos remitimos porque recolle os trámites levados a cabo pola Xunta de Galicia para a declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide. O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-01-29?part=f5b47eb2-f719-4a81-a41a-a1f8d43a2bca&start=2817>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:43:16
Nº Rexistro: 12831
Data envío: 16/03/2021 09:43:16.609

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/03/2021 9:43:13

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:41
Nº Rexistro: 12722

Data envío: 15/03/2021 10:22:41.125

Data 15/03/2021 10:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1773**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión da Consellería de Política Social en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores, nomeadamente nas do Incio e Outeiro de Rei”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros residenciais de Galicia contaron desde o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Houbo protocolos na nosa comunidade antes de que existisen a nivel nacional. Estes protocolos fóronse actualizando, atendendo ás recomendacións sanitaria.

Hoxe, todas as residencias da nosa comunidade contan con Plans de Continxencia para a actuación cando aparecen casos ou brotes no seu interior e aplican un catálogo de medidas que conxuga a protección da saúde coa preservación do benestar emocional dos maiores.

Ademais, creáronse os Equipos de Seguimento Covid en todas as áreas sanitarias en coordinación entre as Consellerías de Sanidade e Política Social e incrementáronse as inspeccións conxuntas.

Por outro lado, Xunta puxo en funcionamento CLONEGAL, unha plataforma loxística que distribúe semanalmente material de protección a todos os centros residenciais de Galicia.

Somos a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:41
Nº Rexistro: 12722
Data envío: 15/03/2021 10:22:41.125

galicia

os residentes antes do seu ingreso nun centro. No que respecta ao proceso de vacinación, estase administrando en todas as residencias de Galicia, exceptuando aquelas nas que está a haber gromos. A seguinte fase será vacinar contra a covid-19 ao resto do persoal sanitario, ao persoal sociosanitario dos centros de día e do SAF, así como aos grandes dependentes.

No relativo á intervención e atención ás persoas residentes, sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

A residencia de maiores O Incio foi intervida o pasado mes de agosto do 2020 para garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde dos residentes e traballadores do centro.

Actualmente a residencia O Incio conta con 4 usuarios contaxiados.

No que respecta á residencia de maiores DomusVi Lugo, no municipio de Outeiro de Rei, foi intervida o pasado mes de setembro do 2020 para garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde dos residentes e traballadores do centro.

Actualmente esta residencia non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado pola covid-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 10:22:41
Nº Rexistro: 12722
Data envío: 15/03/2021 10:22:41.125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 10:22:37

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12787

Data envío: 15/03/2021 15:59:55.610

Data 15/03/2021 15:59



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2522**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o gromo de covid-19 detectado na residencia de persoas maiores Nosa Señora do Viso, en Lobeira, na provincia de Ourense, e as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para a súa prevención, detección e control”**, (publicada no BOPG número 27 do 7 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros residenciais de Galicia contaron desde o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Houbo protocolos na nosa comunidade antes de que existisen a nivel nacional. Estes protocolos fóronse actualizando, atendendo ás recomendacións sanitaria.

Hoxe, todas as residencias da nosa comunidade contan con Plans de Continxencia para a actuación cando aparecen casos ou brotes no seu interior e aplican un catálogo de medidas que conxuga a protección da saúde coa preservación do benestar emocional dos maiores.

Os traballadores das residencias sempre contaron con toda a protección necesaria para realizar o seu labor. O Plan de Reactivación no ámbito sociosanitario, en vigor desde o pasado mes de maio, obrigaba ao centro a realizarlle aos profesionais unha enquisa do contorno de convivencia, actividade laboral previa e simultánea. Proba de que este método funcionou é que, mentres estivo en vigor, non houbo nin un só gromo nas residencias de maiores.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12787
Data envío: 15/03/2021 15:59:55.610

galicia

Somos a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos os residentes antes do seu ingreso nun centro.

No relativo á intervención e atención ás persoas residentes, sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

No que respecta á residencia de maiores Nosa Señora do Viso no concello de Lobeira, o Goberno galego seguiu con atención a evolución do gromo que se detectou no centro.

Un equipo de profesionais sanitarios do Sergas desprazouse ata o centro para facer un seguimento constante da situación e vixiar a correcta aplicación das medidas de seguridade e prevención. Asemade determinaron que non era necesaria a súa intervención.

Actualmente esta residencia non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado pola covid-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12787
Data envío: 15/03/2021 15:59:55.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 15:59:50

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12789

Data envío: 15/03/2021 16:01:13.188

Data 15/03/2021 16:01



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3163**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a apertura pola Xunta de Galicia dalgún expediente informativo ao grupo DomusVi polo acontecido nos seus centros residenciais durante a primeira onda da pandemia, se é o caso, os datos ao respecto e as medidas previstas se houbera incumprimentos”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa aplicación da normativa vixente e en relación aos expedientes de inspección ou sancionadores que non son firmes, é necesario neste momento manter a reserva sobre os detalles concretos para contestación das preguntas que se formulan con respecto aos posibles expedientes abertos a esta entidade, por canto de acordo coa normativa aplicable e a ponderación dos intereses implicados débese limitar en determinados casos a difusión de datos sobre investigacións en curso ou expedientes sancionadores iniciados que non contén cunha resolución administrativa firme.

A este respecto débese ter en conta o feito de que a difusión desta información pode prexudicar a prevención, investigación e sanción de ilícitos administrativos, ademais de vulnerar esta difusión a garantía das persoas presuntamente responsables nos posibles procedementos abertos, en aplicación do artigo 14.1.e) e g) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12789
Data envío: 15/03/2021 16:01:13.188

galicia

establece a posible limitación de acceso á información pública, entre outros supostos, nos de:

e) A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.

g) As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12789
Data envío: 15/03/2021 16:01:13.188

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/03/2021 16:01:09

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:49
Nº Rexistro: 12655

Data envío: 12/03/2021 12:46:515

Data 12/03/2021 12:46

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3274**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as causas do retraso na licitación do contrato de ampliación de Montecelo e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a nova licitación e comezo das obras, así como a consideración do carácter público do servizo de mantemento e a execución das obras de urbanización e do estacionamento”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comece en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:49
Nº Rexistro: 12655
Data envío: 12/03/2021 12:46:49.515



Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.

O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:46:49
Nº Rexistro: 12655
Data envío: 12/03/2021 12:46:49.515

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:46:46

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:48
Nº Rexistro: 12660

Data envío: 12/03/2021 12:47:48.921

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3788**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o proxecto para a execución das obras de construción do Hospital Gran Montecelo, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras da primeira fase do Hospital Público Gran Montecelo adxudicáronse o 1 de marzo por preto de 122 millóns de euros á unión temporal de empresas S.A. de Obras y Servicios, Copasa-Puentes y Calzadas Infraestructuras-Ogmios Proyecto S.L. As obras foran licitadas o 7 de decembro de 2020, polo que se trata dun procedemento de adxudicación extraordinariamente áxil -cumprimentado en menos de 3 meses-, máis aínda tendo en conta a magnitude da licitación.

Os traballos, que se prevé comecen en maio, teñen un prazo de execución de 42 meses e consistirán na construción dun novo edificio hospitalario, que ocupará unha superficie superior aos 12.500 metros cadrados e que estará composto por un primeiro volume distribuído en dúas edificacións, que actuará como base dun segundo que albergará as áreas de hospitalización.

A Xunta aposta así por mellorar a atención hospitalaria, que actualmente se presta en tres centros diferentes e fisicamente separados e afastados, o Centro de Especialidades de Mollavao, o Hospital Provincial e o Hospital Montecelo.

O interese do Goberno galego de executar os traballos deste hospital público con todas as garantías e conforme a criterios de eficiencia e de calidade sanitaria levou a



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:48
Nº Rexistro: 12660
Data envío: 12/03/2021 12:47:48.921

galicia

que se incrementase o orzamento inicial do contrato en 15 millóns de euros, ata os preto de 130 millóns. O resultado do novo proceso de licitación acreditou que a Xunta tomou a decisión acertada: recibíronse seis ofertas e participaron un total de 16 empresas, xa que 5 das ofertas presentadas estaban conformadas por UTE.

No seu conxunto, a Xunta investirá un total de 155 millóns de euros para dotar aos veciños da área sanitaria de Pontevedra dun hospital renovado e de referencia, xa que nunha segunda fase das obras reformarase as instalacións actuais de Montecelo, para posteriormente executar o aparcadoiro cuberto, cun investimento de 25 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:48
Nº Rexistro: 12660
Data envío: 12/03/2021 12:47:48.921

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:45

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:31
Nº Rexistro: 12658

Data envío: 12/03/2021 12:47:31.953

Data 12/03/2021 12:47



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4330**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación e os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na vivenda comunitaria Remanso de Paz, na Fonsagrada, así como sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para previr a expansión do virus”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

Por outro lado, os servizos de inspección da Xunta actúan sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro residencial, tanto de xeito ordinario como cando se rexistra algunha denuncia. Estas inspeccións realízanse con independencia da titularidade do centro.

Deste xeito, no ano 2020 cumpriuse o Plan de Inspección e realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade. E os técnicos de inspección iniciaron máis de 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais.



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:31
Nº Rexistro: 12658
Data envío: 12/03/2021 12:47:31.953



No que respecta á Vivenda Comunitaria Remanso de Paz no concello da Fonsagrada, o Goberno galego seguiu con atención a evolución dos casos no centro que chegou a ter un total de 10 usuarios positivos e 3 traballadores. A día de hoxe non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:47:31
Nº Rexistro: 12658
Data envío: 12/03/2021 12:47:31.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:47:28

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:48
Nº Rexistro: 12665

Data envío: 12/03/2021 12:48:562

Data 12/03/2021 12:48



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4356**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o modelo de xestión que vai ter a residencia integrada para atender as persoas maiores contaxiadas por covid-19 anunciada polo Goberno galego na residencia privada Bodía Boullosa Pardo de Vera, de Vigo, o procedemento previsto para controlar o cumprimento da normativa vixente e a incidencia que terá a existencia de dúas residencias deste tipo en toda Galicia nos efectos da segunda vaga da covid-19 nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:48
Nº Rexistro: 12665
Data envío: 12/03/2021 12:48:48,562

galicia

sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles. Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:48
Nº Rexistro: 12665
Data envío: 12/03/2021 12:48:48,562

galicia

teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:48:48
Nº Rexistro: 12665
Data envío: 12/03/2021 12:48:48.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:48:44

CSV: BOPGDSPGYuj6EFov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:45:06
Nº Rexistro: 12837

Data envío: 16/03/2021 09:45:06.812

Data 16/03/2021 09:45



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5461**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do contaxio masivo de covid-19 existente na residencia de persoas maiores Doral Residencias de Mos, a súa opinión respecto da necesidade de aumentar a periodicidade dos cribados neste tipo de centros e as medidas previstas para evitar a repetición destes casos”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores das residencias sempre contaron con toda a protección necesaria para realizar o seu labor. O Plan de Reactivación no ámbito sociosanitario, en vigor desde o pasado mes de maio, obrigaba ao centro a realizarlle aos profesionais unha enquisa do contorno de convivencia, actividade laboral previa e simultánea. Proba de que este método funcionou é que, mentres estivo en vigor, non houbo nin un só gromo nas residencias de maiores.

Desde o 17 de agosto realízanse obrigatoriamente as probas diagnósticas ás persoas que ingresan nas residencias. Faise nun período máximo de 72 horas antes do seu ingreso para descartar contaxios. Unha medida que tamén se aplicou aos empregados que regresan de permisos e vacacións; e aos novos traballadores.

No eido da detección temperá, Galicia é a única comunidade de España que realiza cribados en todos os centros de maiores, que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Ademais, realízanse PCR a todos os profesionais de maneira previa a súa incorporación ao posto de traballo despois de permisos e aos de nova incorporación, así como a todos os residentes antes do seu ingreso nun centro.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:45:06
Nº Rexistro: 12837
Data envío: 16/03/2021 09:45:06.812

galicia

Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a consellería de Sanidade conxuntamente coa consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas e, por outra, a intervención en centros residenciais.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:45:06
Nº Rexistro: 12837
Data envío: 16/03/2021 09:45:06.812

galicia

residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2021 09:45:06
Nº Rexistro: 12837
Data envío: 16/03/2021 09:45:06.812

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/03/2021 9:45:03

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:46
Nº Rexistro: 12679

Data envío: 12/03/2021 12:50:46.015

Data 12/03/2021 12:50



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5930**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia ás residencias de maiores de Galicia. (Procedemento de urxencia)”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación á auditoría que a Xunta de Galicia realiza ás residencias de maiores, cómpre informar que o Goberno galego contesta a todas as denuncias e actúa sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro de servizos sociais.

O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesaria ca nunca.

O Goberno galego cumpriu o Plan de Inspección e realizou máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:46
Nº Rexistro: 12679
Data envío: 12/03/2021 12:50:46.015

galicia

Esta avaliación lévase a cabo cada 15 días, e é complementario ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

Co fin de axudar ás residencias a facer fronte á pandemia, sobre todo nos puntos críticos que se viñan identificando como tal á hora de evitar ou controlar un brote, planeouse a realización de auditorías para supervisar o grao de implantación destes elementos e a eventual realización de modificacións ou melloras nos procesos.

As auditorías comezáronse a realizar ao principio de decembro, estimándose realizar mais de 300 visitas aos centros residenciais nun prazo de 3-4 semanas nunha primeira fase. Este calendario foise axustando en función da situación dos centros, evitando as visitas se nun centro tiñan casos positivos nese momento.

Tendo en conta o volume de traballo no prazo de tempo definido, as auditorías fixéronse por técnicos superiores de prevención de riscos laborais mediante visitas polas instalacións dos centros e entrevistas con aquelas persoas que consideraron os técnicos.

Empregaron un cuestionario de 83 ítems co obxectivo de coñecer a súa situación e preparación fronte ao covid-19 e deste xeito, detectar os aspectos de mellora que puideran ter os centros residenciais e informando dos resultados sa súa visita á Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria.

Fixéronse recomendacións in situ sobre aspectos a mellorar en relación aos ítems da auditoría.

Cando se detectou algunha residencia que necesitaba un apoio metodolóxico máis intenso desprazáronse técnicos da consellería de Política Social para implantar procesos de mellora naqueles eidos que se consideraron máis críticos.

Resaltar a total colaboración por parte das residencias co proceso de auditoría e o seu



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:46
Nº Rexistro: 12679
Data envío: 12/03/2021 12:50:46.015

galicia

espírito construtivo á hora de adoptar as melloras recomendadas polos técnicos que as levaron a cabo.

Nunha segunda fase os técnicos volverán a visitar os centros para volver a valorar cales aspectos foron mellorados respecto da primeira visita”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:46
Nº Rexistro: 12679
Data envío: 12/03/2021 12:50:46.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/03/2021 12:50:41

CSV: BOPGDSPGYuj6Fov7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:35
Nº Rexistro: 12678
Data envío: 12/03/2021 12:50:35.999
Data 12/03/2021 12:50

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6157**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao gromo de covid-19 detectado na residencia comunitaria de Castrelo de Miño e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 63 do 16 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2021 12:50:35
Nº Rexistro: 12678
Data envío: 12/03/2021 12:50:35.999

galicia

